



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E A ESCUDERÍA LALÍN-DEZA PARA A CELEBRACIÓN DO XXII RALLYE DO COCIDO

Lalín, 19 de abril de 2016

REUNIDOS:

Por unha banda, o Concello de Lalín, actuando no seu nome e representación o Concelleiro Delegado de Deportes, D. Nicolás González Casares, con NIF 44086363-D, ao abeiro das competencias que por delegación da Alcaldía ten para vincularse neste acto, en virtude do Decreto da Alcaldía de 29 de xuño de 2015.

Pola outra, D. Antonio Rodríguez Troitiño, con NIF 35314960-R, en calidade de Presidente da Escudería Lalín-Deza, con CIF G-36.266.443, ao abeiro das facultades que, para vincularse neste acto, ten conferidas.

EXPOÑEN:



PRIMEIRO: Que os vindeiros días 22 ao 24 de abril de 2016 vaise levar a cabo a **XXII Edición do Rallye do Cocido**, proba puntuable para o Campionato Galego de Rallyes.

SEGUNDO: Que o Concello de Lalín, segundo se sinala no artigo 25.2.I) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, ten competencias en materia de promoción do deporte.

Atendendo ao interese da actividade que é obxecto do presente convenio, no Orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2016 dotouse a partida 341.489.12 cunha subvención nominativa para a celebración do Rallye do Cocido.



A tal fin, as partes asinan o presente Convenio de Colaboración segundo as seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA:

O obxecto do presente Convenio é regular as bases de colaboración entre o Concello de Lalín e a Escudería Lalín-Deza para a celebración do **XXII Rallye do Cocido**.




SEGUNDA:

As obrigacións xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións están establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e recollidas nas Bases 25 e 26 de Execución do Presuposto do Concello de Lalín para o exercicio 2016.

TERCEIRA :

A Escudería Lalín-Deza comprométese a:

- Á organización e ó desenvolvemento do XXII Rallye *do Cocido* e a atender e solventar calquera reclamación que se presente durante a celebración do mesmo, eximindo ao Concello de Lalín de calquera responsabilidade neste senso, debendo acreditar a contratación dun seguro de responsabilidade civil e un plan de seguridade con anterioridade á celebración do evento.
- Indicar en toda a documentación, anuncios, folletos e publicidade nos medios de comunicación que se vaian utilizar que o Concello de Lalín participa no financiamento de dita actividade.
- Empregar a totalidade da subvención na actividade XXII Rallye do Cocido
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Lalín, o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda obxecto do presente convenio.



CUARTA:

O Concello de Lalín comprométese a:

- Achegar para a execución do presente convenio a cantidade de 6.000 €.
- Poñer a disposición da celebración do XXII *Rallye do Cocido* os servizos de Protección Civil e da Policía Local.

QUINTA :

O Concello de Lalín achegará, para a execución do presente convenio, a cantidade total de 6.000 €.

A totalidade do importe subvencionado polo Concello de Lalín librarase unha vez aprobado e asinado o presente Convenio, logo da presentación de certificacións acreditativas de que a Escudería se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.



SEXTA:

Logo da realización do Rallye, a Escudería Lalín-Deza deberá presentar a seguinte documentación, no **prazo máximo de tres meses** desde a realización do evento:

- Unha memoria onde figure o programa que se desenvolveu.
- Declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas como pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste Convenio.
- Certificación de que o beneficiario se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- Orzamento detallado de ingresos e gastos da actividade.
- Mostras da publicidade (carteis, anuncios, folletos...) nas que figure que o Concello de Lalín participa no financiamento de dita actividade.
- Certificado expedido polo Presidente relativo ao desenvolvemento das actividades polo que se acredite que a subvención foi destinada á finalidade para a que foi concedida, así como da obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados.
- Xustificación do gasto realizado, que se acreditará mediante orixinais ou copias compulsadas de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil xunto cos xustificantes bancarios do pago das mesmas. O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, como mínimo, o importe subvencionado ou a suma das subvencións obtidas para a mesma finalidade.



SÉTIMA :

Son causas de reintegro da subvención, xunto cos intereses de demora **correspondentes** dende o momento do seu pago, a non presentación en prazo da documentación prevista na cláusula sexta deste convenio ademais das establecidas no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións

A Escudería Lalín-Deza quedará sometida ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na Lei Xeral de Subvencións e na Lei Xeral Presupostaria.

Para os supostos non previstos neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Presuposto do Concello de Lalín para o exercicio 2016, na Lei 38/2004, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.



OITAVA :

As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente Convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola Xurisdición Contencioso administrativa.

NOVENA :


O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Lido polas partes e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubricano por triplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

POLO CONCELLO DE LALÍN
O Concelleiro de Deportes,

POLA ESCUDERÍA LALÍN-DEZA
O Presidente,

Asdo.: D. Nicolás González Casares



Asdo.: D. Antonio Rodríguez Troitiño